

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE FEBREIRO DE 2015

FAVORABLES.-

LIC/451/2014.- MANUEL MAÑA CASTRO, en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder a licenza para executar as obras de execución dun reforzo térmico envolvente exterior e instalación de lucernarios na cuberta dun inmovible sito no Polígono de Fontiñas – Praza de Sofía, Edificio Residencial R-7.3 desta cidade.

LIC/475/2014.- PATRICIA REY GARCÍA.- Aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión do terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Travesa de Marantes, 33-A.

LIC/236/2014.- DAVID MACHADO DOMINGUEZ.- Conceder licenza de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA USO DE OFICINAS en local sito en RUA CAMPO DE SANTO ANTONIO (DO), 10 Esc 01 000 A SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) 7977526NH3477H0002KR.

PARCELACIÓN.-

LIC/752/2014.- OSCAR GARCÍA CASTRO.- Conceder a licenza de parcelación dunha parcela sita en Lugar da Sionlla nº 8.

1.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación proxecto Regulamento da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela.

Informouse favorablemente o novo Regulamento da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello. Esta norma de funcionamento permitirá regular o funcionamento, composición, funcións e actividade ordinaria dun órgano creado conforme ao Plan Especial vixente desde 1997 e que, a pesar do tempo transcorrido e da intensa actividade de asesoramento que ten desenvolvido, carecía dun marco específico para rexer o seu funcionamento.

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á revisión de prezos do contrato administrativo especial para a conservación e mantemento do cemiterio municipal.

Procedeuse á revisión dos prezos do servizo do contrato para a “conservación e mantemento do cemiterio municipal de Boisaca”, formalizado coa empresa Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L. en abril de 2013. En consecuencia, tendo en conta que a fórmula prevista no prego é a aplicación do IPC e que este foi de -0,10% no primeiro ano de vixencia do contrato, acordouse unha lixeira rebaixa do prezo establecido pasando de 141.328 euros a 141.208 euros.

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao borrador de convenio de axudas correspondentes á área de rexeneración e renovación urbana do Casco Histórico.

Coa finalidade de darlle continuidade á figura das áreas de rehabilitación, vaise asinar un novo acordo coa Xunta de Galicia –a través do IGVS- para acollerse ás novas liñas de financiamento previstas polo Ministerio de Fomento no marco do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbanas 2013-2016. Tendo en conta que estas axudas van dirixidas a actuacións incluídas en convenios anteriores xa cualificadas provisionalmente e que aínda non se teñan xustificadas, neste caso ao Concello de Santiago só lle afecta a unha fase (a denominada “fase 13” incluída nun convenio de 2011), xa que as actuacións incluídas nos ámbitos de Vista Alegre e de Pontepedriña foron xa todas xustificadas.

Esta fase 13, que vai ser obxecto do novo convenio para a anualidade de 2015, inclúe a rehabilitación de 21 vivendas, cun custo total de 425.846 euros, dos que o Ministerio de Fomento achega axudas por importe de 124.938 euros, a Xunta 67.011 euros e o resto correspóndelle aos particulares que acometen as obras.

Dentro do convenio inclúese tamén unha axuda de 10.500 euros (500€ por vivenda) para financiar o custo dos equipos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social, que afronta o Concello de Santiago e que supón un custo total de 225.434 euros. En total, o acordo recolle unha achega das 3 administracións de 417.383 euros, que xunto coa achega dos particulares beneficiarios supón a mobilización de 651.281 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á declaración de incumprimento do deber de urbanizar e execución do aval aportado no proxecto de urbanización do Polígono único do Sector I do SUNP-31. San Marcos.

A Xunta de Goberno declarou o incumprimento do deber de urbanizar da Xunta de Compensación do SUNP-31 e dos propietarios no sistema de compensación e tamén a execución dos compromisos asumidos polo peticionario da licenza anticipada (Inmobiliaria Outeiro de Sar, S.L.) ante a non execución da urbanización do citado Solo Urbanizable Non Programado nº 31 de San Marcos. En consecuencia, acordouse a execución do aval de 507.100 euros depositado, equivalente ao 20% do importe da contrata da obra de urbanización cuxo proxecto fora aprobado pola Xunta de Goberno Local en maio de 2004.

Esta decisión adóptase despois da comunicación de senllos requirimentos á Xunta de Compensación entre os anos 2012 e 2014 para que completara a urbanización, dándolle traslado dos informes técnicos municipais e advertíndolle de que, en caso contrario, se procedería á execución subsidiaria con cargo á garantías depositada. O acordo toma en consideración os informes municipais que consideran a execución destas obras de urbanización unha obriga propia do interesado, logo da solicitude de licenza anticipada e dada a súa dobre condición de presidente e propietario incorporado á Xunta de Compensación, e aínda que os servizos executados e a pavimentación dos viarios permitían o seu uso e daban servizo ás vivendas executadas, o incumprimento do deber de urbanizar o polígono non fai posible a recepción formal, como en reiteradas ocasións foi solicitado polo interesado.

En definitiva, será o Concello co aval achegado no seu día o que proceda a garantir a realización das obras no conxunto deste ámbito de San Marcos, de conformidade coas condicións establecidas no texto do propio aval e nas licenzas de edificación outorgadas.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aceptación a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión do terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Travesa de Marantes, 33-A. (LIC/475/2014).

Acordouse conceder licenza de obras para unha vivenda unifamiliar na Travesa de Marantes (nº 33-A) de planta baixa e alto, cunha superficie construída de 312 m². A propiedade cédelle ao Concello a título gratuito un terreo urbanizado de 435 m² no fronte da construción para uso público.

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras dun reforzo térmico envolvente exterior e instalacións de lucernarios na cuberta dun inmovible sito no Polígono de Fontiñas-Praza de Sofía, Edificio Residencial R-7.3. (LIC/451/2014).

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a solicitude de licenza de acondicionamento de local para uso de oficinas no local sito en Rúa do Campo de Santo Antonio, 10- Esc.1. (LIC/236/2014).

Autorizáronse outras 2 licenzas: unha, para reforma de fachada con reforzo térmico envolvente exterior e instalación de lucernarios na cuberta dun edificio no polígono das Fontiñas, na Praza de Sofía (Residencial R-7.3), obras que contan cun orzamento de 363.500 euros; e outra, para acondicionamento de local para oficinas no baixo dun edificio da rúa do Campo de San Antonio (nº 10), cun orzamento de execución de 7.550 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza de parcelación dunha parcela sita no Lugar da Sionlla, nº 8. (LIC/752/2014).

Autorizouse a parcelación dunha finca na Sionlla (nº 8) dunha superficie de 3.763 m². Resultando 6 parcelas, de 608 m², 590 m², 450 m², 600 m², 600 m² e 735 m².

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do texto do acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia, Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e o Concello de Santiago para acceder ás funcionalidades de solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica contidas no "Convenio de colaboración entre el Estado y la Xunta de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de administración electrónica".

O acordo a subscribir coa Xunta de Galicia e coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que non comporta ningunha carga económica para a Administración local, vai permitir que o Concello de Santiago acceda ás funcións das solucións tecnolóxicas para a administración electrónica que en outubro de 2013 acordaron as Administracións do Estado e a Autonómica.

Esas funcións refírense ao emprego da plataforma de validación e sinatura electrónica @firma; ás comunicacións electrónicas entre administracións para intermediación de datos, sistema de interconexión de rexistros e intercambios de información a través do portal de Comunidades Autónomas; a notificación por medios electrónicos, a través do enderezo electrónico habilitado e o catálogo de procedementos do servizo de notificacións electrónicas; e a participación na rede de comunicacións das Administracións públicas españolas, coñecida como Rede Sara.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio e do concelleiro delegado da área de Medio Rural e Relacións Veciñais relativa ao expediente de inclusión do centro sociocultural de Santa Marta e da Casa das Asociacións de Cornes na rede municipal de centros socioculturais.

Aprobouse a inclusión dos dous últimos centros socioculturais postos en servizo, o de Santa Marta e a Casa das Asociacións de Cornes, na rede municipal de centros socioculturais, dentro da categoría de CSC-1, conforme ao Regulamento de centros aprobado en 2010. Esta categoría engloba aqueles centros que contan con todos os servizos: dirección, administración, conserxería, animación (biblioteca, ludoteca, aula TIC, etc.) e que contan con programación propia.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela para realizar o espectáculo "Fogos do Apóstolo 2015".

Por parte da concelleira de Cultura e Patrimonio deuse conta da sinatura dun convenio de colaboración co Consorcio de Santiago para a realización dos Fogos do Apóstolo de 2015, mediante o que o organismo interadministrativo achegará 220.000 euros para o espectáculo nocturnos dos días 24 e 31 de xullo. Esta cantidade é a mesma que o mesmo organismo destinara a este fin o pasado ano.

12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa a CURTOCIRCUITO 2015.

Acordouse iniciar os trámites ante a Deputación da Coruña para a sinatura do preceptivo convenio que permita financiar o Festival Internacional de Curtametraxes "Curtocircuíto 2015" e autorizar ao Auditorio de Galicia e ao seu director-xerente para levar a cabo a tramitación.

En consonancia, tamén se acordou aboarlle ao Auditorio de Galicia a subvención que se reciba por parte da Deputación para este fin, por importe de 112.000 euros, tal e como xa figura recollida no orzamento provincial aprobado o pasado 30 de decembro.

13.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á resolución de reintegro da xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais en relación ao Servizo de Axuda no Fogar para persoas en situación de dependencia e regularización de incidencias nas horas do servizo de axuda no fogar derivadas do exercizo anterior.

Deuse conta da regularización de incidencias que vai levar a cabo a Xunta de Galicia no financiamento trimestral do Servizo de Axuda ao Fogar para persoas en situación de dependencia, referido ao 4º trimestre de 2014, mediante a que se descontan 493 euros na liquidación efectuada.

14.- Propostas da concelleira delegada da área de Servizos Sociais para dar conta da concesión provisional de dúas subvencións.

Deuse conta da concesión de 2 subvencións concedidas pola Deputación da Coruña: unha, por importe de 37.575 euros, destinada ao mantemento de servizos sociais; e outra, de 3.000 euros, para a realización de programas de envellecemento activo en 2015.

15.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa ao inicio procedemento sinatura convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo ou infravivenda 2015.

Aprobouse a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación da Coruña dentro do programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda. Este convenio ten por obxecto, como en anos anteriores, sufragar parte dos custos salariais dunha

educadora social, persoal laboral indefinida neste concello. A achega que se solicita da Deputación é de 30.000 euros, que representa o 58% do custo total estimado (51.667 euros)

16.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á aprobación de incidencias na xestión de bolsas de comedor escolar.

Aprobouse unha incidencia na xestión de bolsas de comedor escolar, relativa á baixa dun beneficiario e a substitución por outro da lista de agarda, procedendo a axustar os importes a satisfacer a cada un dos centros afectados.

17.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais para dar conta da liquidación do 4º Trimestre polas persoas dependentes atendidas no Servizo Municipal de Axuda no Fogar.

Deuse conta da liquidación efectuada pola Xunta de Galicia para o 4º trimestre de 2014 do Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes, que ascende a 89.202 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa ao expediente de autorización especial do uso do campo de San Lázaro a favor da Federación Galega de Fútbol.

Acordouse concederlle o uso do campo de San Lázaro II durante os meses de febreiro, marzo e abril, á Federación Galega de Fútbol, con carácter gratuíto, para o adestramento da selección galega de fútbol 8 (nenos e nenas de categoría alevín). A cesión está condicionada a que a propia Federación se responsabilice da organización e control da actividade e contrate unha póliza de seguro para responder de calquera derramo que puidera producirse.

19.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á aprobación de bases reguladoras da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial. Anualidade 2015.

Aprobáronse as Bases reguladoras das axudas para actividades comerciais neste ano 2015 ás que se destinan 50.000 euros, así como o seu envío para a publicación no Boletín Oficial da Provincia, momento a partir do cal se abre o prazo de un mes para a súa solicitude.

As subvencións van dirixidas a asociacións de comerciantes ou entidades representativas do pequeno e mediano comercio no municipio, para actividades de promoción e dinamización que se desenvolvan ata o 31 de novembro do ano actual.

O importe da subvención poderá acadar ata o 75% do custo máxima da acción proposta, cun límite de 28.000 euros por entidade solicitante e poderá ser compatible con outras axudas sempre que, de forma illada ou en concorrencia con elas, non supera o custo total da actividade subvencionada.

20.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á convenio de colaboración relativo a programación e celebración do Programa Santiago Investors Support 2015.

Para a celebración da edición de 2015 do “Santiago Investors Support” nas instalacións do monte Gaiás autorizouse a sinatura dun convenio coa Fundación Cidade da Cultura, sen custo para o Concello, para desenvolver este programa que integra accións relacionadas co apoio á cultura emprendedora, á creación de novas empresas e a mellora da competitividade do tecido económico local. O obxectivo desta cita é a construción dunha axenda única para os colectivos empresariais da cidade, con actividades de formación, dinamización e información para persoas emprendedoras, traballadoras en activo e empresariado local, favorecendo a creación de espazos relacionais e de encontro que faciliten as interaccións comerciais e os encontros empresariais. A previsión é celebrar dous encontros comerciais, un na primavera e outro no outono, no que –tendo en conta o balance do ano pasado- poderían participar unhas 300 persoas.

21 a 57.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu 37 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións: 19 referidos vehículos de tracción mecánica; 16 a incremento de valor dos terreos de natureza urbana; 1 de bens inmobles; e 1 para a exención de taxas de subministro de auga, saneamento, depuración e recollida de lixo.

58.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á rectificación de acordo da Xunta de Goberno de data 23.01.2015. (D.JUAN JOSÉ GÓMEZ MIRAMONTES).

Acordouse a rectificación dun acordo anterior no que se detectou un erro en relación coa data de aplicación dunha exención concedida sobre o imposto de tracción mecánica.

59.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á proposta de membros do Xurado do VIII Premio Internacional "Compostela" para álbums ilustrados.

Para valorar os traballos que poidan presentarse á edición deste ano do Premio Internacional de Álbums Ilustrados acordouse a composición do xurado que estará formado por:

Polo alcalde do Concello, ou persoa en quen delegue (neste caso a Concelleira de Educación María Teresa Cancelo Márquez), na Presidencia.

Como vogais:

- a mestra e especialista de crítica literaria infantil e xuvenil, Victoria Fernández, quen entre outros galardóns, recibiu en 1977 o Premio Nacional de Crítica de Literatura Infantil;
- o autor premiado na pasada edición, Federico Delicado, que é licenciado en belas artes pola Complutense de Madrid;
- a profesora Gracia Santorum, que é especialista en lingua galega e, entre outras actividades, promotora de varias iniciativas para a dinamización da lectura;
- a representante da editorial Kalandra e profesora de Educación Infantil, Manuela Rodríguez;
- o xefe de departamento de Educación do Concello de Santiago, Xosé Rodríguez-Abella;
- e Beatriz Varela Morales, técnica do Departamento municipal de Educación, en calidade de Secretaría do Premio,

60.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento de representante municipal na comisión de escolarización para o curso 2015-2016.

Nomeouse á concelleira delegada de Educación, María Teresa Cancelo, como representante do Concello de Santiago na Comisión autonómica de escolarización para o curso 2015-2016.

61.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública - Área de Contratación relativa á recepción de obras.

Aprobouse a recepción da obra de reforma do local de arquivo municipal no estadio de San Lázaro, adxudicadas en xuño de 2013 á empresa Cys Hispania, S.L., por un importe de 18.562 euros.

62.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á aprobación do expediente "Subministro de pezas de recambios de automoción para os vehículos e maquinaria do Concello de Santiago".

Aprobouse a apertura do procedemento de adxudicación para o subministro de pezas de recambios de automoción para os vehículos e maquinaria municipais, por un tipo de licitación de 75.000 euros.

63.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á determinación do servizo de Urbanismo como servizo prioritario a efectos de nomeamento de persoal funcionario interino ou laboral temporal.

Acordouse a declaración dos servizos de urbanismo como servizos prioritarios, para os efectos da contratación de persoal funcionario interino ou laboral temporal.

64.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa a devolución de fianzas.

Autorizouse a devolución de dúas fianzas por un importe conxunto de 7.443 euros, de dúas empresas que realizaron servizos para o concello: á empresa Servicios y Materiales, S.A. pola xestión da concesión da Escola Infantil de Salgueiriños de Abaixo, desde o ano 2012 (4.629€) e a empresa Desarrollo de Estrategias Exteriores, S.A. polo servizo no proxecto Park Atlantic do programa de cooperación territorial espazo atlántico europeo (2.814€).

65.- Dación de conta de Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, relativa ao Servizo de redacción da revisión do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1).

Deuse conta de decisión de citado Tribunal Central de desestimar os dous recursos presentados polo Grupo Municipal Socialista contra a adxudicación do contrato do servizo de redacción da revisión do Plan Especial de protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, que se levou a cabo en novembro de 2014, por un importe de 389.900 euros. Nun dos recursos

presentados, o Tribunal considera que debe inadmitirse por extemporáneo, logo de fora interposto fora do prazo legalmente establecido (15 días).

No segundo recurso desestima as alegacións presentadas respecto da substitución dos membros do Comité de Expertos que presentaran a súa renuncia, resaltando que o Comité estaba formado por 7 membros, cifra moi superior ao mínimo de 3 establecido na lexislación, polo que non se pode afirmar que iso afecte á transparencia do proceso “máxime se temos en conta que a puntuación de acadou pola unanimidade de todos os membros do Comité”.

Respecto das alegacións aos criterios da adxudicación indícase que só cabería cuestionalos a través do correspondente recurso especial ao Prego de Contratación nos 15 días seguintes a que foran postos a disposición dos licitadores ou candidatos para o seu coñecemento, cousa que non se fixo.

Por último, en relación coa última circunstancia alegada de afectación ao interese xeral, a resolución do Tribunal conclúe que esa afectación “non se configura como un verdadeiro motivo de impugnación do acordo de adxudicación”, polo que desestima o recurso manifestando que a adxudicación realizada é axustada a Dereito.